

Obxectivos:

O deporte é un fenómeno transversal que caracteriza a sociedade moderna. O seu desenvolvemento abrangue diferentes e variadas dimensións que van desde a saúde e o benestar ata aspectos económicos e financeiros.

Unha das facianas onde o deporte, a través das súas diferentes manifestacións, xoga un rol salientable é no eido empresarial, nomeadamente no que atinxe á saúde laboral, á prevención de riscos de traballo ou á calidade corporativa. Por este motivo, en canto á promoción dunha "empresa saudable", o deporte albíscase como unha ferramenta fundamental.

Falar de empresa saudable non é xa un desexo de moitas entidades e organizacións senón que se está a converter nunha realidade cotiá que mellora o benestar físico, mental e social das persoas traballadoras. Ao promover hábitos saudables, previr riscos, reducir o estrés e fomentar un bo clima laboral, conséguese que as persoas traballen máis motivadas, con maior satisfacción e con menos problemas de saúde. Asemade, redúcese o absentismo, mellora a comunicación interna e contribúe a que o ambiente de traballo sexa máis seguro e agradable.

Todo isto tradúcese en beneficios directos como o aumento da produtividade e a atracción e retención de talento que proxecta unha imaxe corporativa máis positiva e responsable. En definitiva, a empresa saudable é unha estratexia que favorece tanto as persoas como a organización.

É por iso que mediante este curso pretende achegar aos seus destinatarios as principais cuestións referentes á empresa saudable, facendo especial fincapé nos aspectos onde o deporte pode servir como instrumento ou ferramenta facilitadora.

Convocatoria:

DOG núm. 24, do 5 de febreiro de 2026.

Modo de impartición:

Presencial, na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 54 62 41 / 981 54 63 42

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: egap.xunta.gal

Inscripción: <https://egap.xunta.gal/matricula>



ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

CURSO SUPERIOR

DEPORTE, EMPRESA SAUDABLE E NOVAS TENDENCIAS

Santiago de Compostela, 4, 11, 18, 25 de marzo; e 8 de abril de 2026



1ª SESIÓN PRESENCIAL: 4 de marzo de 2026 (16:30 – 20:30 h.)**1. Contexto legal e institucional.**

- Marco legal e organización institucional.
- Aspectos económicos, sociais e culturais.
- Saúde e absentismo laboral.
- Incapacidade laboral e sinistralidade.

2. O deporte como ferramenta de cambio.

- O deporte como mensaxeiro de paz e solidariedade.
- O deporte como axente de igualdade.
- O deporte como aliado da non discriminación.
- ODS, economía e deporte.

Manuel Páramo Sureda.

Director de Zona Noroeste Umivale Activa.

Roberto Ramos Piñeiro.

Fundador e CEO Grupo BeOne/Serviocio.

Patricio Sánchez Fernández.

Coordinador Máster Xestión Deportiva Universidade de Vigo.

2ª SESIÓN PRESENCIAL: 11 de marzo de 2026 (16:30 – 20:30 h.)**3. Empresa saudable.**

- Programas de empresa activa.
- Marco normativo.
- Contorna laboral activa.
- Experiencias e modelos.

Miguel Rodríguez del Corral.

Director Técnico Fundación Deporte Galego.

Nieves Lorenzo Espeso.

Xefa da Área Técnica Medicina do Traballo ISSGA.

3ª SESIÓN PRESENCIAL: 18 de marzo de 2026 (16:30 – 20:30 h.)**4. Saúde mental e benestar emocional: as "soft skills".**

- A saúde mental como pilar do rendimento laboral.
- Prevenición do estrés e xestión de riscos psicosociais.
- Benestar emocional e clima laboral positivo.
- Comunicación, oratoria e habilidades relacionais.

José Antonio Otero Parra.

Director de Expansión da Universidade Vitoria-Gasteiz Euneiz.

4ª SESIÓN PRESENCIAL: 25 de marzo de 2026 (16:30 – 20:30 h.)**5. Alto rendimento deportivo e empresarial.**

- A intelixencia artificial na xestión deportiva.
- Liderar con impacto.
- Valores que transforman empresas e institucións.
- Innovación e tecnoloxía aplicadas ao deporte.

Leonor Gallardo Guerrero.

Catedrática da Universidade de Castela-A Mancha.

5ª SESIÓN PRESENCIAL: 8 de abril de 2026 (16:30 – 20:30 h.)**6. Deporte corporativo e adherencia profesional.**

- O deporte corporativo como ferramenta de benestar laboral.
- Impacto na produtividade e rendimento profesional.
- Adherencia profesional: participación continuada nas actividades deportivas.
- Beneficios organizativos a longo prazo.

Mario Rigau Oliveras.

Presidente da Asociación Corporativa de Empresa Saudable (ACES).

Director académico do curso:**Patricio Sánchez Fernández.**

Profesor titular de Economía Financeira da Universidade de Vigo (UVigo).

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.
As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: egap.xunta.gal